



CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org



Bases do concurso 'Rasca e Gaña: Este Nadal merca en Nigrán'

1.- ORGANIZADORA DA CAMPAÑA

O Concello de Nigrán, con CIF P3603500D e dirección Praza da Constitución, 1, xunto coa Asociación de Comerciantes e Empresarios do Val Miñor, en diante OVALMI, con domicilio en Praza Rosalía de Castro, local 3, en Nigrán con NIF G36772903 e o apoio da empresa concesionaria Aqualia organiza, con fins promocionais, a campaña de rascas de Nadal en Nigrán 2022 (en diante, "a campaña") de ámbito local, a desenvolver a través das tendas físicas, exclusiva para clientes do pequeno comercio do municipio asociados de OVALMI ou adheridos puntualmente a esta campaña. Clientes participantes que teñen que ser maiores de idade de acordo co disposto no apartado de condicións para participar.

Esta campaña está organizada polo Concello de Nigrán, Aqualia e a Asociación de Empresarios e Comerciantes do Val Miñor (OVALMI), e ten como misión o incentivo da compra no comercio local de cara ás datas de Nadal e as inmediatamente posteriores.

2.-DATA DE INICIO E DATA DE FINALIZACIÓN

A campaña iniciarase o día 16 de decembro de 2022, e finalizará o día 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

3.- REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA CAMPAÑA

Poderán participar desta Campaña de Nadal, todos os establecementos de comercio polo miúdo con tenda física en Nigrán, que se atopen ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Nigrán, requisito que será comprobado de oficio pola propia administración.

Por una banda, os establecementos de comercio polo miúdo adheridos á campaña serán os encargados de entregar os RASCAS aos seus clientes, segundo as indicacións que se relatan neste mesmo punto.

Por outra banda, os RASCAS premiados poderán ser trocados nos



CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org

establecementos de comercio polo miúdo antes citados, e tamén de hostalería ou de restauración, que tamén deberán inscribirse nesta campaña e aceptar as normas de funcionamento da mesma.

4.- CONDICIÓNS DA CAMPAÑA

Todos os establecementos que se adhiran a esta campaña procederán a entrega dun RASCA por compras iguais ou superiores a 20 € ata un máximo de 4 cupóns por compra.

Os cupóns disporán dun apartado que o cliente deberá rascar para coñecer se é ou non premiado cun premio con valor en EUROS a gastar nas seguintes compras nos comercios locais adheridos á campaña.

Para poder trocar o RASCA o afortunado deberá contactar con Ovalmi no 986366730 de luns a venres de 9:30 a 14:00 horas e achegar o ticket de compra causante de dito premio e o cupón premiado. A asociación entregarálles o importe do seu rasca en billetes de plástico, que poderán ser utilizados nos pequenos comercios adheridos a esta campaña. O comerciante aceptará este medio de pago e deberá contactar con OVALMI para o cambio de eses billetes de plástico. Todos os pagos realizaranse vía transferencia bancaria, non en efectivo baixo ningún concepto.

Os vales poderán ser trocados polo cliente ata o 31 de xaneiro de 2023, a partir desta data non teñen validez.

5- PREMIOS

Os establecementos participantes disporán dos RASCAS que lle facilitará a organización e que serán repartidos a partes iguais e ata esgotar existencias.

Os premios incluídos nos RASCAS son un total de 5.000 € repartido do seguinte xeito:

3 rascas con premios por valor de 300 €

11 rascas con premios por valor de 100 €

30 rascas con premios por valor de 50 €

60 rascas con premios por valor de 25 €

Estes RASCAS premiados poderán ser utilizados como modo de pago polo cliente en calquera momento da campaña, dende o seu inicio e ata o 31 de xaneiro de 2023.

O rasca premiado deberá ser entregado nas propias oficinas de OVALMI xunto co tique grampado do comercio no que recibiu o premio.



CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org

6 - MÉTODO DE PAGO AO ESTABLECEMENTO

O cliente beneficiado cun RASCA premiado poderá gastalo no establecemento que elixa (sempre que estea adherido á campaña) ata o 31 de Xaneiro de 2023, transcurrido ese tempo se considera a tódolos efectos caducado.

7-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os establecementos interesados en participar nesta Campaña deberán inscribirse como data límite o 9 de decembro de 2022, entregando a folla de inscrición asinada, xunto coa copia do DNI ou CIF. Poderán facelo de xeito presencial nas oficinas de OVALMI na praza Rosalía de Castro, local 3; 36350 Nigrán. Tel: 986 36 67 30 en horario: de 9:30 a 14:00 horas (de Luns a Venres). Ou escaneadas e remitidas por correo electrónico a: administracion@ovalmi.com

8.- OBRIGAS DOS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

Os establecementos interesados farán a inscrición previa nas datas sinaladas aportando a información solicitada.

Comprométense a cumprir os prazos establecidos, acatar estas bases de participación e darlle a maior difusión posible á campaña.

Colocarán en lugar visible, dende o exterior, o distintivo que o acredita como local participante para que sexa identificable pola clientela.

Devolverán os cupóns sobrantes á organización dende o 31 de xaneiro ata o 14 de febreiro de 2023.

Os RASCAS non poderán ser transferidos a outros establecementos participantes. En caso de detectar esta práctica, os rascas premiados quedarían invalidados.

9.- OBRIGAS DA ORGANIZACIÓN

O material da campaña será entregado ao establecemento antes do inicio da mesma.

O reparto dos lotes de RASCAS farase en función ao numero de establecementos participantes.

Sempre que haxa existencias de lotes de RASCAS, os comercios poderán solicitar una nova remesa.

A organización comprométese a por en marcha a campaña de difusión deste proxecto a través de diferentes medios de comunicación e redes sociais na que se realizará unha importante inversión publicitaria.

Resolver calquera dúbida xurdida sobre o funcionamento da campaña.



CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org

10.- OUTRAS CONSIDERACIÓNS

Considérase Comercio polo miúdo aos autónomos e Pymes cun máximo de 10 empregados.

Queda prohibida a participación do titular/es do establecemento participante no seu propio establecemento.

A organización non se responsabiliza da perda, deterioro, riscado ou dano nos cupóns premiados.

A organización poderá dar de baixa da campaña a aquel establecemento que faga un mal uso da mesma.

O importe dos premios serán trocados dentro dos prazos estipulados.

O número de RASCAS repartidos a cada establecemento dependerá do número final de adheridos.

A organización non se responsabiliza das posibles incidencias que podan xurdir no troco dos premios.

A información da campaña e o listado dos establecementos participantes estará dispoñible na web www.nigran.org e nos diferentes perfís de redes sociais.

Considérase cupón premiado aquel no que apareza unha das cifras antes mencionadas nos premios.

Considérase cupón non premiado aquel no que que apareza a frase "Continúa probando"

11.-LIMITACIÓNS

Se se evidenciase que calquera dos participantes non cumpre cos requisitos esixidos nas

Bases, ou os datos proporcionados para participar non fosen válidos, a súa participación

considerarase nula e quedarán automaticamente excluídos da Campaña, perdendo todo

dereito sobre os premios outorgados en virtude desta Campaña.

O premio entregado non será transferible nin susceptible de cambios, alteracións ou

compensacións a pedimento dos Participantes, non podendo ser trocado por calquera outro produto nin por diñeiro en metálico.



CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org

OVALMI e Concello resérvanse o dereito, se concorre xusta causa e previa comunicación en legal forma, de efectuar calquera cambio, suspender ou ampliar esta Campaña.

Correrán a conta e cargo do gañador calquera carga fiscal ou tributaria que a aceptación

do premio puidese supoñerlle, así como calquera outro gasto derivado da Campaña que

non esta expresamente asumido por OVALMI e Concello nas presentes Bases Legais.

12-EXONERACIÓN DE RESPONSABILIDADE

A título enunciativo, pero non limitativo, OVALMI e Concello de Nigrán non se responsabiliza das posibles perdas, roubos, atrasos ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que poidan afectar o desenvolvemento da presente Campaña, así como tampouco do uso que faga o participante respecto do premio que obteña desta Campaña, e non asume responsabilidade algunha por ningún dano ou prexuízo de calquera tipo que puidesen sufrir os Participantes, gañador ou terceiros.

A organización non asume a responsabilidade en casos de forza maior ou caso fortuíto que puidesen impedir a realización da Campaña ou o goce total ou parcial do premio. No caso de que esta Campaña non puidese realizarse, ben por fraudes detectadas na

mesma, erros técnicos, ou calquera outro motivo que non estea baixo o control da organización e que afecte ao normal desenvolvemento da Campaña, a organización resérvase o dereito para cancelar, modificar, ou suspender a mesma.

13.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

A responsable do tratamento dos seus datos é a Asociación de Comerciantes e Empresarios do Val Miñor (OVALMI), con domicilio en Praza Rosalía de Castro, local 3. Nigrán, Pontevedra e con NIF G36772903

OVALMI tómase moi en serio a protección da privacidade e dos datos persoais. Por tanto, a información persoal consérvase de forma segura e trátase co máximo coidado.

OVALMI só gardará os datos aportados estritamente para a celebración da Campaña, e unha vez finalizada, comprobados os datos e entregados os premios procederá o seu arquivo só con fin de inventariado e control financeiro dos premios entregados.



CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org

De conformidade co establecido na normativa aplicable en materia de protección de datos, e concretamente no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, cada

Participante, coa aceptación destas Bases Legais consente que os datos persoais facilitados para a participación neste concurso sexan incorporados a un ficheiro titularidade de OVALMI para tramitar a participación e celebración do Concurso.

Os establecementos Participantes esta campaña garanten que os datos persoais facilitados son veraces e fanse responsables de comunicar a OVALMI, calquera modificación dos mesmos.

OVALMI resérvase o dereito para excluír da presente Campaña a todo Participante que facilitase datos falsos. Recoméndase ter a máxima dilixencia en materia de Protección de Datos mediante a utilización de ferramentas de seguridade, non podéndose responsabilizar a OVALMI de subtraccións, modificacións ou perdas de datos ilícitas.

Os Participantes teñen dereito a (i) acceder aos seus datos persoais, así como a (ii) solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión, (iii) solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, (iv) opoñerse ao tratamento dos seus datos e (v) solicitar a súa portabilidade. Os Participantes poden exercer todos estes dereitos na seguinte dirección de email administracion@ovalmi.com, indicando o motivo da súa petición.

Os Participantes poden tamén, enviar a súa petición por correo ordinario á seguinte dirección: Praza Rosalía de Castro, local 3, Nigrán. Pontevedra.

Sen prexuízo de calquera outro recurso administrativo ou acción xudicial, o Participante terá dereito a presentar unha reclamación perante unha Autoridade de Control, en particular no Estado membro no que teña a súa residencia habitual, lugar de traballo ou lugar da suposta infracción, no caso de que considere que o tratamento dos seus datos persoais non é adecuado á normativa, así como no caso de non ver satisfeito o exercicio dos seus dereitos.

A Autoridade de Control perante a que se presentou a reclamación informará ao reclamante sobre o curso e o resultado da reclamación.

14.-CAMBIOS

OVALMI e Concello resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases promocionais, na medida que non prexudique ou menoscabe os dereitos dos participantes na Campaña.



CONCELLO DE NIGRÁN

Praza da Constitución, 1
Nigrán (Pontevedra) CP: 36350
Telf. 986 365 000 Fax: 986 383 931
www.nigran.es / info@nigran.org

15.- LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN

Serán competentes para resolver calquera reclamación ou controversia que puidese exporse en relación coa validez, interpretación ou cumprimento destas bases os

Xulgados e Tribunais da cidade de Vigo (Pontevedra).

15 de Novembro de 2022